

A EDUSI enfrenta ao goberno e a oposición ponteareán

Páxina 6

IX galardón "Síntete Covelo"

Páxina 7

Mondariz reformará o campo de fútbol da Lagoa

Páxina 8

A Cañiza entregou 9.470 quilos de alimentos este 2023

Páxina 9

Proxecto europeo de mobilidade sustentable preséntase no Porriño

Páxina 11

Piden medidas contra o caos de tráfico en Sanguñeda

Páxina 13

CHMS estuda saneamento en parroquias de Salceda

Páxina 14

Entrevista a Paulo Esperança

Páxina 15



"O Gran Camiño" porá a Pontevedra en órbita

Páxina 5

Entrevista



O Carrabouxo, humorista gráfico

"Contra Sánchez podes ir, contra un banco non"

Páxina 15

HASTA

50%

DE DESCUENTO

Star days

Todo pensado para ti

pikolin

LOS Nº1 sin venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Para opinar, infórmate

Vimos de saír dun ano un tanto convulso. Varias eleccións non esperadas, tomas de posesión fallidas e outras por fin conseguidas aínda que polos pelos.

Os medios de comunicación despelotados informando, é un dicir, do divino e do humano sen privarse de mentir, enganar e desinformar. E no medio de toda esta marabunta estamos nós, os cidadáns que temos posturas sobre temas que apenas coñecemos pero que enchemos eses novos xornais chamados “da rede”, eu diría mellor enredados nunha rede da que non saben como saír e que cada vez se enredan máis nesta tea de araña de medios dixitais que se converteron nunha especie de oráculo de Delfos.

Todos temos opinións de todo, aínda que non teñamos coñecemento de nada. A economía, os temas xurídicos, o uso ou mal uso das linguas,...todo se somete ao criterio vulgar que se converte nunha especie de biblia popular.

O País chamado España está partido en dúas partes case iguais. Dunha banda temos os chamados de dereitas e dereitas extremas; doutro lado temos aos que se veñen denominando progresistas (aquí temos que meter tamén aos nacionalistas sexan ou non independentistas). Na parte da dereita asistimos ao renacer dun novo franquismo agiornado, aínda que ás veces se presenten tal cal, sen disimular ren. Aquí quero facer referencia aos meus anos de estudante e de profesor aló polos anos 50 e 60 do século pasado para rememorar himnos e cancións, crucifixos nas escolas, o cara ao sol e montañas nevadas, etc, etc.

O problema non está no material que temos nas mans senón en que coñecementos temos para poder traballalo. Un artista que non coñeza os seus materiais cos que vai facer unha escultura ou unha pintura obviamente non lle pode sacar o mellor rendemento. É aquí onde radica o problema. Todos falamos de todo aínda que non teñamos nin puta idea de nada. Como nos centros de ensino existe un certo rexeitamento a que os educados sexan ben informados, atopámonos con que poden falar de Aristóteles ou do teorema de Pitágoras pero non lle preguntemos que entenden pola situación actual tanto económica como política. Dirán que uns

son mentirosos e os outros esperan coller cacho. Non saben en realidade que ven a ser iso dos dous bandos. Eles e elas seguen o guión que lle indican os influencers de turno. Hai os que teñen millóns de visitas para coñecer que opinan sobre o salario mínimo interprofesional ou por que se dan as guerras de Ucraína con Rusia ou de Israel con Palestina, léase Hamás.

Pero que lle imos pedir a estes rapaces e rapazas que na súa vida tiveron nas mans un libro minimamente decente que lles explicara polo miúdo de que vai isto dos dous mundos. Algúns pensarán que se trata de algo histórico que ten que pasar e que, seguramente, estamos no borde dunha nova etapa da historia que sería a post contemporánea. Logo nada teñen que facer. Xa temos aos políticos de turno para encargarse desas cousas.

Nos últimos tempos coñecemos o famoso informe PISA no que ao parecer nos saímos moi ben parados. Pero, que se lle preguntou aos estudantes nese extenso interrogatorio? Seguro que de economía nada; seguro que de si sabían por que os países que dominan o mundo non se poñen de acordo sobre o cambio climático tampouco; ou de por que nos países iberoamericanos os novos gobernos ás veces nin sequera chegan a tomar posesión, xa son derrubados polos que mandan no país que non son, precisamente, os que están interesados en que ese país mellore. Disto seguro que nada lles preguntaron e, por outra banda, tiveron razón, porque as respostas ían ser tan peregrinas que daría vergoña publicalas.

Ese informe está pensado para coñecer se as novas camadas que diría o amigo Beiras se preparan para producir máis ou non; se van camiño de converterse nuns bos funcionarios hoxe medio humanos medio cibernéticos, ou non. Se están preparados para tomar decisións que solucionen os problemas da fame, da miseria e das inxustizas que dominan o mundo, diso nada se lles pregunta porque nada interesa que saiban.

E neste punto falemos dos medios de comunicación actuais. Aos que eu veño denominando, e non retiro a cualificación medios pesebristas. Son todos? Ben, digamos que todos comen nun determinado pesebre aínda que poida salvar algúns da queima porque ese pesebre pode conter

herba máis ou menos aceptable.

Falabamos antes de progresistas e conservadores, de dereitas e de esquerdas. Isto ven determinado en función do que os medios de comunicación digan, entendan, crean ou ordenen. Porque hoxe os políticos cando se erguen da cama o primeiro que piden é saber que din os medios sobre a súa actividade, sobre os seus discursos recentemente pronunciados.

Temos un lote de xornais, emisoras de radio e canles televisivas que están marcando o rumbo aos partidos de dereitas, outro lote, aínda que un chisco máis fraco, que marcan o rumbo aos chamados de esquerdas ou progresistas. Cada día, cada hora dende o amencer ata o final da xornada e aínda polas noites, cada quen acode a ver, escoitar eses oráculos. Un presentador de televisión ten máis poder que un dirixente destacado dun partido calquera. Os políticos que pretendan chegar aos seus votantes teñen que pagar o tributo de someterse ás entrevistas, algunha con moi mala uva, destes presentadores famosos.

Pero iso é o normal. Así está escrito o guión dende hai moitos anos.

O gran capital, ou sexa os que mandan no mundo, teñen ao seu dispor un montón de medios que escriben ao seu ditado. Eles non teñen que facer nada para convencernos de que merquemos tal ou cal automóbil, tal ou cal reloxo de pulseira. Diso xa se encargan os seus “criados informantes”. Cada día, cada hora están ao pé do canón sen faltar. Niso lle vai o seu futuro, claro está.

Os cidadáns todos, sen excepción, tragamos con máis ou menos pracer toda esa verborrea que nos lanzan dende as plataformas televisivas ou dende as páxinas a cor, para que nos provoquen máis, dos xornais diarios.

Distinguir cales son os que máis nos enganar resulta realmente complicado. Eu diría que o 90% dos lectores cren de boa fe que aquilo que eses medios lles ofrecen é o que vale, é o que deben facer e seguir. Obviamente con esta aquiescencia os gurús da información só teñen que poñer nas direccións deses medios aos homes e mulleres fieis á causa. Aqueles que demostraron fidelidade aos principios que eles teñen determinados para este puñetero mundo.

Podíamos darlle nomes e apelidos dun

montón destes prohombres do mundo da información que dominan todo este espazo. Non aparecen nos créditos, pouco sabemos deles se non nos dedicamos a investigar e se non temos fontes con auga potable na que poidamos beber para coñecelos. Existen, están aí, non dan a cara ata que vexan en perigo o seu patrimonio. Entón son quen de organizar os chamados lobbys que se presentan en Bruxelas, en Washington ou onde faga falta para que todos saibamos que están aí, que non podemos ignoralos, que eles son os que mandan. Curiosamente é certo.

Ben, chegados a este punto e para non darlles máis a lata neste ano que comeza deixemos algo para novos editoriais que teñamos o pracer de ofrecerlles. Tal vez se nos ocorra facer unha relación de medios e de gurús para que teñan algo máis de información. Agora temos ás portas eleccións en Galicia, logo en Europa despois no País Vascos e así sucesivamente.

Os xornais que dominan o espazo informativo galego xa se puxeron en marcha. Vexan como van dándonos en forma de píldoras o que eles entenden debe ser o futuro de Galicia. Ofrecen enquisas que indican os que seguramente van gañar. Non importa o que nos teñamos pensado votar; eles o que fan é dicirnos que non perdamos o tempo, deben gañar os deles e asunto arranxado. Verán como nos ofrecen fotos e entrevistas aos distintos candidatos pero fíxense ben, terán distintos tamaños, non todos van ser iguais.

Ata pode ser que nos ofrezan entrevistas amplas de candidatos que saben non teñen a menor posibilidade de sacar un mísero deputado, pero iso non importa se o que consegue é que lle resten votos aos que si poden facerlles dano aos seus intereses. Eses candidatos van ter case gratis a súa campaña electoral. Disto xa temos probas dabondo en Galicia.

Ben, imos rematando. Vostedes vexan, escoiten, lean e se atopan algo que lles guste vaian a por el. Nós quedamos para darlle a lata o próximo mes. Seguramente xa teremos máis noticias frescas sobre estes asuntos.

Páseno ben e que o 2024 veña cheo de agasallos aínda que so sexan, que xa é moito, de felicidade e boas relacións cos fillos, fillas, familiares e amigos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

900.000€ para humanizar a Avenida Constitución

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, e a alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, asinaron un convenio de colaboración enmarcado no Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030 (PON2030) a través do cal o goberno provincial financiará con case 700.000 euros, o 75 % do orzamento, os traballos para a mellora da mobilidade e recuperación de espazos públicos na Avenida da Constitución. O Concello, pola súa banda, achega o 25 % do total (230.000 euros).

A obra, valorada en máis de 925.000 euros, servirá para fomentar a mobilidade peonil e a mellora da calidade urbana da contorna da Avenida da Consti-



tución e dos Xardíns da Xiralda. Un proxecto centrado nunha área de máis de 2.500 metros cadrados nos que se potenciarán os desprazamentos a pé ou en bici, a seguridade viaria e se porá en valor o patrimonio arquitectónico e etnográfico do espazo.

Os traballos inclúen a implantación dunha plataforma única, limitar a circulación de vehículos a motor, a instalación de novo mobiliario urbano e a renovación dos servizos para a mellora da eficiencia enerxética e da xestión da auga.

La Vuelta 2024 pasará por Ponteareas e Baiona

O pelotón de La Vuelta 2024, unha das tres grandes carreiras ciclistas do mundo, volverá pasar polas estradas pontevedresas tras tres anos de ausencia, o vindeiro 27 de agosto de 2024, cunha etapa, a décima, de 160 quilómetros entre Ponteareas e Baiona, na que os ciclistas escalarán catro portos de montaña, dous deles de primeira categoría como son o Alto da Fontiña e o Alto de Mougás.

A proba entre Ponteareas e Baiona será a primeira das catro etapas que discurrirán por Galicia, seguiránlle unha en Padrón, outra con saída desde Ourense a Manzaneda e, por último, outra desde Lugo ata os Ancares.

Esta carreira foi retransmitida



por televisión na edición do 2022 en 190 países, polo que supón unha útil ferramenta para a promoción turística do destino Rías Baixas, tal e como aseguraron o presidente da Deputación de Pon-

tevedra, Luís López, a deputada provincial de Turismo e Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, e o Alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, durante a presentación do evento en Madrid..

SmartPeme no Centro de Coworking



A Deputación de Pontevedra prestará servizos de asesoramento empresarial a través de SmartPeme no novo Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e Coworking inaugurado pola alcaldesa de Ponteareas e tamén deputada provincial, Nava Castro, e o deputado Alejandro Lorenzo, no edificio número 13 da Praza Maior.

A través da oficina SmartPeme de Ponteareas, a Deputación de Pontevedra proporcionará información e asesoramento gratuito a persoas autónomas, pemes e emprendedores de Ponteareas e da súa contorna. SmartPeme conta nestes momentos cunha rede de sete oficinas situadas, ademais de en Ponteareas, en Pontevedra, Vigo, Cambados, O Porriño, Lalín e Barro.

A Xunta atende as demandas na PO-254



O tenente de alcalde, Juan Carlos González, reuniuse co xefe de servizo da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Manuel Ángel Juanatey, co obxectivo de trasladarlle algunhas solicitudes dos veciños e veciñas da parroquia de Bugarín ao respecto das melloras que se levarán a cabo na PO-254.

As obras que están en licitación consisten no reforzo do firme da estrada que discorre na súa meirande parte polo termo municipal de Ponteareas. Pola súa banda, na avenida Castealo instalaranse varias balizas para mellorar e garantir a seguridade viaria no cruce. Ademais, valórase a instalación de iluminación específica nos pasos de peóns.

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Marítimo, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Vilagruña, 16. 986 651 145 - 609 366 364. A CoruñaLOVECARS®
www.lovecars.es

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Orzamentos 2024 aprobados con máis de 20 millóns de euros

Os orzamentos para o ano 2024 foron definitivamente aprobados este 29 de decembro por maioría absoluta cos votos a favor da coalición do goberno municipal PP-ACiP-IP e co voto en contra dos grupos da oposición, BNG, PSOE e PeC.

Para 2024 o Concello de Ponteareas contará con máis de 20M€ no apartado de ingresos e investirá na vila 19,5M de euros. O superávit resultante, de 1,5M euros, destinarase a saldar a débeda municipal contraída polo anterior goberno BNG-PSOE.

Ao orzamento presentáronse doce alegacións das que se desestimaron nove e se incluíron tres. Trátase de modificacións que non afectan ás cifras totais dos ingresos, que ascenden a 20M de euros, nin aos 19,5M de euros contemplados para o investimento na vila.

Así aumentaranse as horas de asistencia do Servizo de Axuda no Fogar ata alcanzar o 100% ou o incremento nun 82% da partida destinada ao baleirado de fosas



sépticas así como a construción da rede de saneamento da parroquia de Ribadetea para a que se destinarán 380.000 euros. Destaca tamén o novo convenio cos servizos de emerxencias e de extinción de incendios.

Servizos Sociais, xuventude e voluntariado terá unha partida de 3,9M€, un 20% do orzamento. Destaca tamén recollida, eliminación e tratamento de residuos, dotada con 1,8M de euros e os 220.000 euros que se investirán no polígono industrial de A Lom-

ba. En investimentos aumenta nun 71% das subvencións e nun 63% as achegas aos centros culturais así como os 600.000€ que se destinarán á reforma da residencia de maiores ou os 400.000€ para a rehabilitación da Ponte dos Remedios, entre outras cuestións. Do mesmo xeito, destaca o incremento do gasto dirixido a actividades culturais e festivas nun 554% e dun 233% para as actividades que teñen que ver coa promoción do deporte.

Concello amplía os seus efectivos de policía local



Alcaldesa, Nava Castro, e o tenente de alcalde, Juan Carlos González, recibiron aos axentes que desde hai unhas semanas xa forman parte deste servizo municipal e avanzaron que ao longo do 2024 uniránse catro axentes máis.

Segundo Juan Carlos González, “somos un Concello que conta cunha poboación de 23.000 ha-

bitantes distribuídos en 24 parroquias polo que debemos ter unha Policía Local dotada cos recursos necesarios”. Neste sentido, o goberno municipal indica que se cubrirán “todas as vacantes da Policía Local e, se fora necesario, convocaremos unhas novas para garantir o correcto funcionamento deste servizo municipal”.

Axudas escolares

O Concello de Ponteareas resolve a concesión de axudas municipais de apoio ao estudo para o curso 2023/2024.

En total, esta medida beneficiará a 163 alumnos e alumnas de diferentes niveis educativos

como Infantil, Primaria, Formación Profesional Básica, ciclos formativos e Bacharelato. Esta axuda do Concello permite ás familias do municipio con ingresos limitados adquirir material escolar e comprar os libros de texto que o alumnado precisa.

PONTEAREAS
Avda. de Galicia, 25
986 958 003 - 683 196 555

PONTEAREAS
Paseo Matutino, 2
886 216 626 - 604 007 103

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvponteareas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23



PONTEAREAS

Presentada a proba ciclista O Gran Camiño 2024

A provincia de Pontevedra acollerá o vindeiro domingo 25 de febreiro a etapa raíña do Gran Camiño, a última da terceira edición desta proba ciclista que reúne a deportistas chegados de todo o mundo, que será un grande escaparate e colocará á provincia "unha vez máis no mapa turístico e deportivo".

A presentación desta proba en Ponteareas foi realizada pola Alcaldesa Nava Castro; Marta Fernández-Tapias, vicepresidenta da Deputación de Pontevedra; e os ciclistas Álvaro Pino e Óscar Pereiro; e o director da proba e xerente de EMESports, Ezequiel Mosquera.

Na cita, que comezará o 22 de febreiro na Coruña e percorrerá as provincias de Lugo e Ourense antes de chegar a Pontevedra,



participarán equipos como o Visma-Lease a Bike (antigo Jumbo-Visma), considerado o mellor do mundo, encabezado por Jonas Vingegaard, bicampión do Tour de Francia e gañador do Gran Camiño o pasado ano, que escolleu a proba galega para debutar na

tempada 2024. Outros equipos que xa confirmaron a súa presenza son o francés Groupama-FDJ, que participará por vez primeira nesta cita, ou o Movistar Team. A Deputación de Pontevedra colabora a través dun patrocinio deportivo dotado con 110.000 euros.

A senda do Río Tea acada a distinción "Sendero Azul"



A Senda do Río Tea vén de recibir o premio 'Bandera Sendero Azul', concedido pola 'Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor'. Un recoñecemento que destaca o compromiso pola recuperación de itinerarios que poñan en valor a educación ambiental e o disfrute responsable do entorno.

A ruta do Tea ten unha distancia total de 17 quilómetros e vai dende a praia Fluvial da

Freixa, en Ponteareas, ata o parque da Canuda (xa no termo municipal de Salvaterra do Miño), nun camiño liso que mostra unha paisaxe natural impecable. Galicia é a comunidade autónoma que máis sendeiros premiados acumula, cun total de 49, sendo Pontevedra a provincia con maior coidado dos seus carreiros, seguida da Coruña. A rede total de camiños naturais premiados ascende ata os 319 quilómetros.

BNG: "o PP rexeita as nosas propostas nos Orzamentos 2024 da Xunta"

A deputada no Parlamento e concelleira ponteareá, Cristina Fernández Davila criticou a decisión do Partido Popular de votar en contra no Parlamento Galego "de todas as propostas presentadas polo Bloque para incluír nos Orzamentos da Xunta para 2024 partidas económicas para atender as necesidades de Ponteareas".

Entre estas iniciativas destacaban as relacionadas cos centros de ensino público, especialmente os do rural, o saneamento da parroquia de Ribadetea, a mellora da seguridade viaria nas estradas autonómicas que pasan pola localidade, executar as obras na



Escola Infantil e cofinanciar as da Residencia de Maiores e de obras de restauración e mellora

de elementos patrimoniais como a Ponte dos Remedios ou a Ponte das Partidas.

O BNG critica os "novos cambios na mobilidade"



O BNG amosou o seu rexeitamento aos novos cambios na mobilidade aplicados polo goberno tripartito de Ponteareas na Avenida Rosalía de Castro e na Rúa dos Carballos, ao consideralos "un retroceso que consiste na eliminación de itinerarios peonís e

no estreitamento de beirarrúas para que todo volva estar invadido polos coches"

A formación nacionalista considera que "unha vila onde as persoas non poden saír á rúa porque as beirarrúas son estreitas e está invadida polos coches non é unha vila xusta nin inclusiva."

ellos
moda hombre

PONTEAREAS
C/ Amado Garra, 15
Tlf.: 986 64 41 16

By
Barriguiñas
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 baixo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

CONDADO/PARADANTA

BNG e PP se acusan mutuamente sobre a xestión dos fondos EDUSI

A xestión dos fondos europeos EDUSI está xerando unha confrontación dentro do Concello de Ponteareas poucas horas antes do remate do prazo de execución desta subvención europea previsto para o pasado 31 de decembro.

O BNG denuncia a "incompetencia de Nava Castro"

O BNG avanzou, a menos de 48 horas do remate do prazo de execución, que o goberno municipal "perderá miles e miles de euros de fondos europeos pola súa obsesión con desfacer o traballo que estaba encamiñado polo anterior goberno".

O Bloque sinala que "os caprichos, as ocorrencias e a incompetencia de Nava Castro e o seu equipo saíranlle moi caras ás ve-

ciñas e veciños de Ponteareas. O BNG xa alertara no mes de xullo do risco de perder os fondos, xa que "en vez de avanzar nos proxectos nos que se traballara nos últimos anos, o Partido Popular, co apoio dos independentes, decidiu cambiar os proxectos en marcha na Nave de Aceiros, que ía ser un grande equipamento sociocultural, e no edificio da Praza Maior que ía converterse nun Centro Cívico.

Así mesmo, o BNG denuncia que "o goberno de Nava Castro, polas súas ocorrencias, nin sequera foi capaz de pór en marcha a tempo o programa de formación para a inserción profesional de colectivos en risco, sumándose esta acción á longa lista de irregularidades na xestión dos fondos

e que serán posteriormente auditadas pola autoridade de xestión dos fondos europeos."

O BNG lembra que as auditorías realizadas ás dúas solicitudes de pagamento feitas polo anterior goberno foron superadas con éxito sobresaínte. "Os cambios para satisfacer os caprichos e ocorrencias electorais" do novo goberno municipal "supuxeron o atraso na execución das accións que estaban en marcha para rematar con tempo suficiente antes da finalización do prazo de execución. Agora, que se confirma que perderán diñeiro das e dos ponteareáns, o PP e os seus aliados terán que explicar por que decidiron tirar para diante a pesar de teren advertencias de que perderían fondos europeos logrados polo anterior goberno", conclúe o BNG.

O goberno responde: "salvamos in extremis a perda os fondos EDUSI"

Pola súa banda e de acordo a unha información enviada por Prensa do Concello, o goberno municipal "vén de acometer o pago da totalidade dos proxectos financiados cos fondos europeos EDUSI, salvando así o risco da súa perda". Estimou que "cando hai escasamente 5 meses, coa chegada de Nava Castro á Alcaldía, aínda restaba case o 30% dos fondos por pagar debido a unha alarmante falta de planificación na súa xestión así como tamén a unha crítica situación económica que impedía facer fronte a estes pagos millonarios antes do 31 de decembro do 2023".

A concelleira de Urbanismo e Fondos Europeos, Silvia Fernández indicou que a "herdanza que recibimos da EDUSI por parte do



anterior goberno formado polo BNG e polo PSOE foi como unha mazá podrida. Xa sabíamos que a situación da execución deses fondos non era nada boa, e así o alertamos en diferentes momentos do anterior mandato. Sen embargo, o que non esperábamos era atopar 2 millóns de euros sen executar a apenas 5 meses de rematar a súa xustificación ante Europa", incidiu a edil.

Explicou Fernández que "unha vez realizado este millonario pago en tempo e forma, o goberno municipal atópase neste momento traballando a contra reloxo para poder xustificar ante Europa a correcta execución de ditos fondos e poder así proceder ao seu ingreso. Xa que outra das herdanzas que nos atopamos sabendo que o Concello recibiu a concesión da axuda EDUSI hai máis de 6 anos, foi a ausencia total de ingresos nas arcas municipais por un retraso completamente inxustificable na entrega da documentación a Europa".

Esta situación motivou a urxencia de que a Alcaldesa, acompañada pola edil Silvia Fernández e o concelleiro de Facenda, Francisco Represas, mantivera unha reunión cos responsables de xestionar os fondos no Ministerio de Facenda. Na xuntanza, confirmouse o retraso na xustificación por

parte do anterior goberno do BNG e do PSOE polo que se procedeu a buscar diferentes solucións entre ambas administracións.

Así, o actual goberno municipal "salvou en tempo récord, 5 meses, a execución e xustificación destes fondos europeos", que superan os 6 millóns de euros. "Grazas a un intensísimo traballo realizado en meses de medio ano, conseguíronse desbloquear proxectos clave como a rehabilitación da nave de Aceros del Tea coa súa adquisición e execución do proxecto de consolidación estrutural, a posta en funcionamento do Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e Espazo de Co-Working, a incorporación de diferentes sistemas tecnolóxicos, e o desbloqueo da construción da residencia de artistas coa que se encontraba o proxecto por falta de fondos", segundo indicou Fernández.

Neste sentido, a concelleira apuntou que "a veciñanza de Ponteareas non se pode permitir pagar as consecuencias dunha calamitosa falta de xestión dos máis de 6 millóns de euros da EDUSI por parte do anterior goberno BNG-PSOE" e que, por este motivo, "non vamos a tolerar as acusacións por parte da oposición e as súas mensaxes alarmistas sobre a xestións destes fondos".

ANTOMS




**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfnos: 986 660 896 - 604 047 703

TALIER
SALÓN

Allonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriaalliermt@gmail.com



LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
mifollas@mundo-r.com

IX galardón “Sintete Covelo”

O IX galardón “Sintete Covelo” recoñeceu a traxectoria de Joaquín Vales Piña e Xabi Gómez Lorenzo. Joaquín Vales Piña recibiu o galardón que recoñeceu o seu espírito emprendedor e a súa importancia na industria tradicional grazas ao Serradoiro dos Carranos como patrimonio industrial do século XX.

Pola súa banda, o patinador Xabi Gómez Lorenzo recolleu o seu galardón polos seus éxitos deportivos que levaron o nome de Covelo ás competicións galegas e españolas.



A afamada cantante Uxía xunto a Santiago Cribeiro e Sergio Tannus pecharon a entrega de premios

cos seus Cantos e Contos de Nadal e deron paso a un petisco para todas as persoas asistentes.

Un Orzamento 2024 máis social

O último pleno ordinario do Concello de Covelo deu luz verde ao orzamento para o ano 2024 que ascende a 2.035.902,71€, sendo un 5,63% superior ao do 2023, no que destaca o seu carácter social e as oportunidades laborais cun Plan de Emprego e de Formación.

O Concello incrementa nun

9,12% a área de protección e promoción social para o servizo de axuda no fogar (SAF), unha dotación de 4.000€ para a subvención de fomento da natalidade e un apoio en firme á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai.

As contas tamén contemplan unha subida na partida para a Asociación de Nais e Pais (ANPA)

do CEIP Antonio Rodríguez Blanco para a realización de actividades socio-educativas; apoios para o Ciclo de Música de Barcia de Mera, o Club Covelo Patinaxe Artística, o Covelo Club de Fútbol, actividades culturais e festexos, programa de sumidoiros, recollida e tratamento de lixo e a regulación dos postos de traballo (RPT)

“Covelo é arte”, calendario 2024

Dar a coñecer a riqueza natural, histórica e etnográfica do Covelo é un dos obxectivos do calendario 2024 que o Concello reparte entre a súa veciñanza.

Baixo o título “Covelo é arte” o calendario consta de once fotografías seleccionadas do concurso de fotografía convocado polo Concello. Nas imaxes destacan o reitoral de Barcia de Mera, o amencer en Ponte Maceira; o patrimonio micolóxico; polas rutas máxicas acompañadas por hórreos e variada



paleta de cores no horizonte, a fogueira de San Xoán, o Faro de Avión e os restos do pasado en

San Estevo de Casteláns, o río de Castro e o amplo patrimonio natural e histórico do Concello de Covelo.

Os Reis Magos percorreron as parroquias covelenses



A cabalgata de Raíñas e Reis de Oriente percorreu todas as parroquias covelenses con tres comitivas para chegar ao centro urbano e desfilar con música e animación ante un numeroso público na

praza Mestre Cerviño. Zancudos, pista americana, inchables, batalla de bolas xigantes e música foron os ingredientes desta merenda na que non faltou o chocolate quente con rosca.

Luces LED para aforro enerxético

O Concello de Covelo quere contribuír á redución da pegada de CO2 e sumarse ao cambio polo planeta tal e como asumiu na sinatura do Pacto das Alcaldías polo clima. En decembro, executou o proxecto “Mellora da eficiencia enerxética da instalación de iluminación interior do polideportivo

municipal”, unha intervención na que o Concello investiu preto de vinte mil euros, 19,833,64€.

Concretamente o Concello cambiou 300 puntos de luz actuando nas gradas, pistas deportivas e vestiarios: 138 luces, 36 ollos de boi, 2 plafóns estancos, 24 proxectores, 58 tubos led e 42 focos led.

En marcha “Ponteareas Interxeracional”

O Concello vén de poñer en marcha o proxecto “Ponteareas Interxeracional”, unha iniciativa destinada á integración da veciñanza vulnerable e que presente algún tipo de dificultade á hora de participar na vida comunitaria.

A iniciativa, que conta cunha subvención de 4.800€ da Consellería de Política Social e Xu-

ventude no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea-Next Generation, é posible grazas ao traballo dos servizos sociais logo da análise da Oficina de Voluntariado. Foi recoñecido como o mellor proxecto a nivel galego elaborado dende unha Oficina Municipal de Voluntariado.

ZAPATERÍA

Ángeles Castro

Tel: 986 640 242

Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

El Escondite de Montse

Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel: 973260118 - PONTEAREAS

SÍGUENOS EN EL ESCONDITO DE MONTSE

Copos

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Mondariz reformará o campo de fútbol da Lagoa

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, e a tenente de alcalde de Mondariz, Elena Naveira, asinaron este xoves un convenio de colaboración enmarcado no Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030 (PON2030) a través do cal o goberno provincial financiará con máis 400.000 euros, o 85 % do orzamento, os traballos para a reforma do campo de fútbol e a creación dunha zona de deportes na Lagoa.



O Concello, pola súa banda, achega o 15 % do total, preto de 75.000 euros. Segundo recolle o convenio, as obras deberán estar rematadas antes do 30 de abril de 2025.

CN Ponteareas, campioas galegas de inverno

As nadadoras do equipo feminino do Club de Natación de Ponteareas revalidaron o seu título de campioas galegas no Campionato Galego Absoluto e Junior de Inverno, que se celebrou en Lugo. Consequiron catro dos cinco ouro posibles nas probas de remudas con 2 Récores do Campionato nos 4x50L e 4x50S. Tras tres días de campionato e varios podios individuais, o equipo acadou o subcampionato na clasificación absoluta en conxunto.



"Da túa Man" chega a Mondariz con 6.200€

O Concello de Mondariz recibirá da Deputación a instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles e xardineiras na contorna comercial cun orzamento de 6.211 euros ao abeiro do proxecto "Da túa man" (rural II), o programa de apoio ao comercio

e a hostaleira local do rural.

En concreto, no concello de Mondariz dotarase de accesibilidade a dúas prazas de aparcamento en batería situadas na Praza de Abastos, e incluíranse seis xardineiras na zona contigua ás prazas para delimitar e embellecer a zona comercial.

Ponteareas volve aos éxitos dos 80 e 90

O sábado 20 de xaneiro o Auditorio Reveriano Soutullo celebrará o espectáculo El Musical de los 80 y 90 coas representacións dos me-

llores éxitos de Alaska, Mecano, e Seguridade Social.

O evento colgou o cartel de entradas esgotadas logo de dúas tempadas na Gran Vía de Madrid.

Limpeza nas parroquias



Atendendo as peticións da veciñanza, o Concello de Ponteareas levou a cabo tarefas de roza nas parroquias de Guláns, Padróns, San Mateo e Moreira.

Pauta Motor
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL **Alona** de heno

COMERCUCES Nº8 - MONDARIZ - T: 936 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz - Balneario

Café Chocolat

Mondariz Balneario

A CAÑIZA

A Cañiza entregou 9.470 quilos de alimentos este 2023

A piques de rematar este 2023, dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello da Cañiza fan o balance das axudas entregadas ás 38 familias incluídas nos programas de acción social municipal. Un total de 9.470,75 quilos de produtos de primeira necesidade, destinados ás unidades familiares que percibiron unha media anual de 249 kilos de alimentos de primeira necesidade e tamén produtos de hixiene e de limpeza.

A este respecto informou esta mañá o alcalde, Luís Piña, "neste ano o Concello adquiriu con fondos propios 2.655 kilos de alimentos e produtos de primeira necesidade, hixiene e limpeza, aos que hai que engadir outros 6.815,72



kilos procedentes do Convenio de Adhesión ao Programa Operativo FEAD 2023, promovido polo Ministerio de Interior do Goberno de España, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e Cruz Vermella". A adhesión a este con-

venio converte ao Concello en participante como organización asociada de reparto no programa de axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas (FEAD) que financia medidas dos países da Unión Europea.

Calendario 2024



O Alcalde da Cañiza Luís Piña prologou o Calendario 2024 do Concello no que puxo en valor os activos turísticos, históricos e patrimoniais cañicenses como son A Ponte das Achas, a Cidade das Grades, a Irmandade, a rede de sendeiros, os recunchos turísticos, a Carballeira do Cacharado e a Vía Mariana, entre outros.

Na súa mensaxe o rexedor fixo esforzos por potenciar tu-

risimo, a industria e o comercio, amosando o seu orgullo por ter un "máis eficiente e menos costoso" alumeado público, avanzando na rede de subministro de auga, o feito de que A Cañiza teña agora capacidade de interlocución co goberno central, a Deputación, a Xunta, a UE e outras institucións, sempre colocando como prioridades aos veciños, ás familias, a mocidade e ás persoas maiores.

"A Cañiza, Coidada e Sostible"

Baixo o lema de "A Cañiza, Coidada e Sostible", o Concello continúa coa súa campaña de sensibilización ambiental iniciada xa nos anos 2021 e 2022 e que segue neste 2023, centrada na compostaxe doméstica para promover a reciclaxe de residuos orgánicos no noso Concello.

Co obxectivo de mellorar o grao de concienciación ambiental dos veciños e reforzar e fomentar un cambio de hábitos e de comportamento en torno a reciclaxe de residuos, os monitores medioambientais da empresa ANCA-RIA SL realizaron unha labor divulgativa sobre reciclaxe mediante a compostaxe.



O programa conta coa colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia -no marco do

Plan de recuperación, transformación e resiliencia e está financiada pola Unión Europea, a través dos fondos NextGenerationEU.

Avances na PACE e ingreso no Fondo Galego de Cooperación

O Pleno Extraordinario do 27 de decembro aprobou a adhesión do Concello da Cañiza ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asociación municipalista de cooperación ao desenvolvemento, aceptando os seus estatutos e sistema de cotas aprobada pola súa Asemblea Xeral.

Por outra banda, o pleno tamén aprobou o informe de seguimento do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía (PACE)

que ten por obxectivo a redución das emisións de CO2 nun 40% para 2030 e 2050. O informe considerou que A Cañiza conseguiu reducir as emisións nun 19,44% grazas á reforma de todo o alumeado público e a reforma enerxética da piscina climatizada. O pleno tamén aprobou a renovación do convenio coa Deputación para a retirada de vehículos abandonados que rematou o pasado 31 de decembro de 2023.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506



- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PONTEVEDRA

Deputación subvenciona á Rede Ágora con 1,4M€

A Deputación de Pontevedra anunciou a concesión de subvencións por 1,4M€ para que 40 concellos pertencentes á Rede Ágora de Concellos polo Espazo Público poidan redactar 94 proxectos de recuperación de espazos públicos e de sendas peonís e/ou ciclables aliñados coa Axenda Urbana da UE.

As axudas permiten sufragar o 90% do custe da redacción, ata un máximo de 50.000 euros por concello. Nesta convocatoria o goberno provincial aumentou en

600.000 o orzamento inicial de 900.000 euros. As axudas servirá para a redacción de proxectos de mellora peonil, de acondicionamento de diferentes rúas en contornas rurais e urbanas, a creación de sendas, a recuperación e humanización de vías, ou a mellora estética e funcional de enclaves turísticos, entre outros.

Foron beneficiados os Concellos de Sanxenxo, Agolada, O Porriño, Tomiño, Gondomar, O Rosal, Baiona, Redondela, A Guarda, Ponte Caldelas, Moraña, Caldas de Reis, Si-



lleda, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Salvaterra de Miño, Ponteareas, Catoira, Marín, Salceda de Caselas, Moaña, A Lama, Arbo, As Neves, Bueu, Cambados, Lalín, Meaño,

Marta Lois será a candidata de Sumar para a Xunta



A portavoz do Grupo Plurinacional de Sumar no Congreso dos Deputados e deputada de Sumar Galicia pola provincia da Coruña, Marta Lois, foi ratificada como candidata de Sumar Galicia á presidencia da Xunta de Galicia nun acto no que estivo arroupada pola líder de Sumar, Yolanda Díaz.

Tamén coñeceuse dun preacordo de coalición de Sumar chegou con Unidas Podemos e Esquerda Unida (UE) para que Marta Lois sexa a candidata unitaria. Lois anunciou tamén que o vindeiro 12 de xaneiro terá lugar un gran acto de Sumar Galicia na cidade de Vigo.

Marta Lois González (Vigo,

1969) é politóloga, Doutora en Ciencia Política e da Administración e profesora na USC. Membro da comisión promotora de Sumar Galicia, foi concelleira de Igualdade, Desenvolvemento e Turismo no Concello de Santiago entre 2015 e 2019 no goberno de Compostela Aberta. Deputada de Sumar Galicia pola Coruña, Lois preside Sumar desde a súa fundación e ocupa a portavocía do Grupo Plurinacional Sumar no Congreso dos Deputados. Foi visiting fellow nas Universidades de Essex, Georgetown e Chicago. Participou como investigadora principal en proxectos de estudos de xénero, teoría política contemporánea, identidades e políticas públicas de igualdade.

0 talento pontevedrés, recoñecido nos Premios Sofía Novoa

A Deputación de Pontevedra deu a coñecer o fallo da oitava edición dos premios Sofía Novoa, cos que recoñece a inclusión da perspectiva de xénero en catro traballos de fin de grao e fin de master das UVigo presentados nos campus de Pontevedra, Vigo e Ourense durante o curso 2022/2023.

Na modalidade de Traballos de Fin de Grao, os primeiros premios

foron para Carmen María Caeiro Rodríguez, de Ponteareas, polo seu traballo "Introdución da Axenda 2030 con perspectiva de xénero na Educación Primaria: A assemblea como recurso", e María Luisa Silvela Costoya, de Pontevedra, por "O corpo como lugar de resiliencia", que reciben unha dotación económica de 1.000 euros cada unha.

Pola súa banda, na modalidade de Traballos de Fin de Máster, o

xurado decidiu premiar con 1.000 euros a Cristina Pérez Carmuega, de Pontevedra por "Xogos e xoguetes tecnocientíficos na Educación Infantil: análise dende unha perspectiva de xénero", e a Raquel Álvarez Martínez, de Bueu, polo traballo "Mulleres, arte e literatura: 3 vértices posibles dunha intervención didáctica promotora do desenvolvemento sostible na Educación Infantil".

PFC Condado

+55
Pompos Fúnebres
del Condado
2018-2023

Gracias

TANATORIO
ARBO

TANATORIO
PONTEAREAS

TANATORIO
TUI

TANATORIO
TOMIÑO

O PORRIÑO

Humanización da rúa Pío XII

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, e o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, asinaron un convenio de colaboración enmarcado no Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030 (PON2030) a través do cal o goberno provincial financiará con 920.000 euros, o 67 % do orzamento, os traballos da humanización da rúa Pío XII e a súa contorna. O Concello, pola súa banda, achega o 33 % do total, preto de 460.000 euros.

A obra, valorada en case 1,4 millóns euros, forma parte dun plan máis amplo que se dividirá en tres fases e que ten o obxectivo de transformar e humanizar toda



a mazá do centro social que está comprendida entre as rúas Antonio Palacios, Avenida Domingos Benos, Pío XII e Ramón González. Con todo, o obxecto deste convenio céntrase unicamente na primeira fase deste plan, que é a humani-

zación da rúa Pío XII. O proxecto consiste na creación dun gran espazo público pensado para dar prioridade á mobilidade peonil e máis importancia as zonas verdes ao tempo que se limita o paso de vehículos.

Reclaman á Xunta melloras no Centro de Saúde

O BNG acadou o voto unánime do pleno da corporación municipal en decembro pasado para esixir melloras na atención do Centro de Saúde do Porriño e unha mellor cobertura do seu persoal sanitario. Segundo os nacionalistas hai tan só tres meses, o Partido Popular e a propia concelleira de Política Social negaba a saturación das axendas no Porriño, cando ata a propia Xunta recoñeceu no Plan Local de Saúde 2023-2026 que existían necesidades sanitarias non cubertas, con cupos por riba das ratios recomendadas.

Criticou o BNG que o novo centro de saúde "serviu para unha nova estratexia de propaganda política do PP" e que "O Porriño presenta unha elevada densidade de poboación ó atraer novas veci-



ñas e veciños dos concellos da área de Vigo". Por iso instou á Xunta a dotar suficientemente os servizos básicos diarios, a cubrir as ausencias médicas e a ampliar asprazas de pediatría (no PAC compartido con Salceda e Mos) e en-

fermería obstétrico-xinecolóxica. Tamén se require que se dote de persoal o espazo habilitado para fisioterapia e saúde mental, servizos de apoio non prestados actualmente e a dotación dunha Unidade de Adicións a Drogodependentes.

Proxecto europeo de mobilidade sustentable



O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila, participou na xornada de presentación de HI_MOV, un proxecto europeo enmarcado no Programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. No acto, celebrado no Porriño, o director xeral puxo en valor o traballo que se está realizando

para avanzar nas posibles aplicacións do hidróxeno verde na mobilidade sustentable.

Así, o proxecto busca articular un ecosistema transfronteirizo que impulse a cadea de valor emerxente ao redor do hidróxeno verde e, especificamente, no eido da mobilidade. A Xunta colabora cun orzamento superior aos 150.000 euros.

A Xunta colabora en formación para o emprego

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, mantivo unha xuntanza co alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, na que abordaron a colaboración en materia de emprego.

O obxectivo principal enfo-

couse en ofrecer ás persoas sen emprego unha formación axustada en liña co sistema de microcredenciais europeos que permitan acceder ás demandas do tecido empresarial ante as 15.000 vacantes laborais que continúan a existir en diversos sectores.

Marcelo Rodríguez, novo responsable local do BNG

Marcelo Rodríguez será o novo responsable local do BNG en substitución de Míriam Martínez. Os nacionalistas reorganízanse e incorporan persoas á súa dirección local para afrontar as eleccións

galegas do 18F coas máximas garantías. Rodríguez é técnico de educación ambiental e filólogo de formación. Na actualidade, é concelleiro municipal do BNG e vicerresponsable Comarcal da organización.

Bolboreta
TINTORERÍA & LAVANDERÍA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Baixo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

Mapa Porriño
Baza, complementos e decoración

ANTONIO PALACIOS 25 BAJO, O PORRIÑO

980 338 074

MAPAPORRI

La Reina del Brillo
Moda - Complementos - Regalos

Rúa El Pinar, 15 - Tef: 691 294 913
O PORRIÑO

LOURIÑA

O PORRIÑO

Concello busca a inserción laboral do 45% dos seleccionados no PIE

O Concello do Porriño atópase na fase de selección de participantes do Programa Integrado de Empleo dirixido a persoas menores de 30 anos desempregadas con baixa cualificación, mulleres desempregadas, persoas menores de 30 anos desempregadas cualificadas e parados de longa duración para o cal se convocan un total de 100 prazas.

O Concello conta cunha subvención por parte da Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade de 220.000 euros, que xunto cos 55.000 euros de aportación municipal, fai unha inversión total de 275.000 euros. Unha vez rematado o programa, en decembro de 2024, existe un compromiso



de inserción laboral do 45% dos participantes.

Tamén se impartirá formación sobre coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación

para a busca de emprego, habilidades sociolaborais, fomento da capacidade emprendedor, prospección empresarial e obradoiros sobre mobilidade laboral.

150 anos do nacemento de Antonio Palacios



Este 8 de xaneiro conmemorouse o 150 anos do nacemento do arquitecto porriñés Antonio Palacios, un dos veciños máis ilustres do Porriño. O Alcalde Alejandro Lorenzo quixo homenaxealo cun fermoso ramo de flores no cemiterio en nome de toda a veciñanza do Porriño.

Dentro das actividades pre-

vistas de homenaxe, o Concello prepara este 2024 un calendario adicado integralmente á súa figura, con imaxes de arquivo e actuais a través das cales se observa o transcorrer do tempo, perdurando sempre a esencia, no patrimonio cultural e arquitectónico que Palacios deixou na nosa vila. O calendario está a disposición no Centro Cultural e no Concello.

BNG: "os Orzamentos 2024 da Xunta deixan fóra ao Porriño"

O BNG do Porriño presentou un total de 9 emendas aos Orzamentos 2024 aprobados o pasado 18 de decembro polo Consello da Xunta, denunciando que "O Porriño queda fóra da súa consideración". Criticaron igualmente que o PP non atendera con anterioridade ningunha das 1.300 emendas presentadas polos nacionalistas.

Entre estas emendas non atendidas destacan a esixencia de solución para a contaminación por lindano no lugar do Contrasto, en Torneiros; a necesidade de construír un novo centro educativo de educación primaria ou a reforma integral do xa existente CEIP Xosé Fernandez López; o



soterramento de liñas de alta tensión en Torneiros e en Atios (na subestación de Vilafría) ou a urbanización da estrada vella que une Budiño con Salceda; a construción dun colector de recollida de augas pluviais das

rúas Lugo, Pontevedra, Ourense, Avda. de Galicia e Ramirás; e unha mellor conexión co polígono das Granxas, coa construción dunha variante á PO-510 desde o punto quilométrico catro até o enlace coa A55.

Carreira de Reis no Porriño



Ducias de veciños do Porriño participaron este 6 de xaneiro na Carreira de Reis 2024,

unha iniciativa do Concello enmarcado na súa programación das festas de Nadal.

www.novasdoeixoatlantico.com

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO
www.mimatesaludnatural.com
Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos: 662 41 57 56

Dietsana
DIEÉTICA Y SALUD Desde 1992
986 337 684 C/ Cando, 15 O PORRIÑO
986 642 719 C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

Danas Shop
O Porriño
644 486 502
Instagram: @Danas_Shop Facebook: DanasShop

MOS

Concello compra 2.000 m2 do Castro de Torroso

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, acompañada polo seu segundo tenente de alcaldesa e concelleiro de Patrimonio, Leo Costas, asinaron ante notario a compra por parte do Concello de terreos no Castro de Torroso a dous particulares.

O Concello inviste na compra destes 2.000 metros cadrados preto de 16.500 euros, fixando un prezo de 8,50 euros/metro cadrado. Con esta adquisición dáse o paso necesario para poder iniciar a posta en valor do Castro de Torroso, un dos xacementos arqueolóxicos castrexos máis antigos de Galicia.

A superficie total do Castro é moito máis grande pero comezouse a adquisición de terreos nesta zona por ser onde xa se atopaban feitas as catas desde os anos 80 do século pasado. É dicir, trátase da parte na que as construcións castrexas xa se atopan descubertas e á vista. Estas parcelas corresponden á parte alta do Castro que é a máis cha, accesible e visitable. Por último alcaldesa e concelleiro avanzaron que no ano 2025 contéplase continuar coa compra de terreos a particulares no Castro de Torroso.

Este Castro é un dos máis senlleiros de Galicia, dos mellor es-



tudados e dos de maior interese científico e cultural. Na primavera do ano 1983 descubriuse fortuitamente un xacemento en Torroso, moi preto do límite con Petelos, logo de que os temporais do in-

verno deixasen ao descuberto fragmentos cerámicos. As características morfolóxicas e técnicas destes vestixios motivaron o inicio dunha serie de escavacións, levadas a cabo entre 1984 e 1990 por Antonio de la Peña Santos, nas que se puido comprobar que se trataba dun xacemento castrexo. Conta cunha extensión dunhas 2,8 ha e unha altura máxima de 137 metros que lle permiten dominar uns terreos

moi aptos para o aproveitamento agrícola e forestal.

Ao nordeste desta aldea fortificada prehistórica corre un regato que lle proporcionaba auga e pesca, ao igual que o río Louro, que flúe a 1,7 km do xacemento polo leste. Este río discorre ao longo dunha parte da Depresión Meridiana, unha grande fractura xeolóxica natural que une Tui con Padrón e que constitúe un lugar de paso natural privilexiado para o tránsito de persoas e mercados. No Castro de Torroso atopáronse gravados rupestres, cerámicas, obxectos líticos e pezas de metal.

O BNG esixe actuar ante o caos de tráfico en Sanguñeda

Os consellos locais do BNG de Mos e do Porriño mantiveron unha reunión conxunta para falar sobre as retencións de tráfico en Sanguñeda. O portavoz nacionalista de Mos, Gustavo Barcia, advirte de que “o volume de vehículos se verá incrementado, previsiblemente, nos próximos meses”, xa que aínda non abriron todos os negocios proxectados na parcela, situada nas inmediacións da rotonda do Costilleta, unha zona “especialmente sensible” pola proximidade das incorporacións ás autovías A-52 e A-55, así como a saída norte do centro urbano do Porriño.

A solución pasa, necesariamente, en opinión do portavoz do BNG no Porriño, Pedro Pereira, “pola imprescindible coordinación entre os dous Concellos para mellorar a mobilidade do tráfico desa



zona”. Por este motivo, ambos grupos municipais acordaron presentar, en cadanseu pleno, unha moción na que se solicitará a elaboración dun plan de tráfico conxunto para a zona afectada. Do mesmo modo, tamén se insta aos gobernos municipais a solicitar, con carácter inmediato,

unha reunión co Ministerio de Transportes. Se solicitará tamén a reforma dos pasos peonís, a mellora do alumado público ou o desvío do tráfico pesado que actualmente atravesas as zonas residenciais da contorna das Angustias – Sanguñeda, Avda. De Galicia, Ramirás e Progreso.

Moción municipal contra Unión Fenosa



A Corporación Municipal de Mos apoiou unanimemente na última sesión plenaria do presente ano 2023 unha moción presentada polo grupo de goberno sobre a deficiente xestión de Unión Fenosa (UFD) nas obras de mellora da rede eléctrica.

A moción ven en relación aos acontecementos producidos de averías e fallos constantes no subministro eléctrico en particular nas parroquias, especialmente ás de Mos, Guizán, Torro-

so, Dornelas e Pereiras. Neste sentido, o Concello creou un servizo de atención persoal no departamento Municipal de Medio Ambiente para notificar averías e canalizar queixas.

Con esta moción esíxeselle a UFD o inmediato restablecemento da normalidade no subministro de enerxía eléctrica ás familias e empresas e que asuma os desperfectos materiais e as posibles indemnizacións polas perdas nos comercios e empresas afectados polos cortes de subministro.

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño

GA

ORGASERCO, S.L.

ORGANIZACIÓN E ASESORAMIENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra)

Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

CHMS buscará sanear as parroquias de Entenza e Soutelo

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira reuniuse co Presidente de Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, para estudar as posibilidades de investir no saneamento das parroquias de Entenza e Soutelo unha vez se estableza a partida orzamentaria nos orzamentos xerais do Estado, establecendo este tipo de investimentos como prioritarios. O Concello traballa xa na actualización dos proxectos de saneamento existentes para estas dúas parroquias para facelos chegar canto antes.

Na reunión trasladouse tamén a preocupación polo estado da Ponte do Picado, na parroquia de Entenza, que presenta deficiencias que fixeron que por parte dos Concellos de Salceda e Salvaterra se pechase xa o tráfico na estrada



que transcorre sobre a ponte para evitar posibles perigos.

O Presidente de Confederación comprometeuse a colaborar coa elaboración dun informe de estado que sirva de base para a obra de reparación que haxa que acometer. Por último, Jose Antonio Quiroga

comprometeuse a revisar e acelerar aqueles permisos solicitados dende o Concello para diferentes obras que requiren autorización sectorial por parte de Confederación Hidrográfica e sen os cales non se pode continuar coa tramitación das diferentes actuacións.

PP: "o Concello dilapida 146.000€ en 2 anos por sobrecustes eléctricos"

O grupo municipal do PP de Salceda criticou a xestión do goberno local coas tarifas eléctricas dos servizos municipais, tanto de alumeadado público como de edificios, despois de que se pagara un sobrecoste de 144.000 euros nos dous últimos anos.

Consideraron que "cada ano o Concello dilapida e despilfarra máis de 73.000€ o que fan ese montante de 146.000 € como mínimo nos dous últimos anos".

Neste sentido aprobouse en pleno municipal a moción dos 'populares' de buscar tarifas máis económicas. Na actualidade, o Concello de Salceda de Caselas ten contratadas unhas tarifas de 0,25 euros por kilovatio en horario punta; de 0,19 euros por kilovatio en horario llano; e de 0,15 euros por kilovatio en horario valle. Sinalaron que estes sobrecustes afectan a parroquias como Santa María, Picoña e Entenza.

Fútbol solidario polo Nadal



A través dun partido de fútbol, a Fundación Denis Suárez e o Concello de Salceda organizaron unha actividade solidaria de entrega de agasallos para a cativada e mocidade da vila, na que tamén a veciñanza fixo a súa aportación.

Excursións de fin de curso



O alumnado do IES Pedras Rubias e do CEP Altamira estivo vendendo diferentes produtos para financiar as súas respectivas excursións de fin de ano escolar.

II Memorial Manolo Sanfer e IX San Silvestre



Por segundo ano consecutivo, o C.B. Caselas quixo homenaxear á memoria de Manolo Sanfer, persoa clave para o baloncesto salcedense. Para este fin o club organizou o pasado 30 de decembro o II Memorial Manolo Sanfer onde os equipos masculino e feminino da categoría cadete se deron cita no Pavillón Municipal contra o C.B. Tui. O acto contou coa presenza da familia de Ma-

nolo Sanfer.

Por outra banda o 30 de decembro celebrouse a XI San Silvestre solidaria e reivindicativa, reclamando un servizo de pediatría digno e na que participaron 600 persoas. O evento contou coa colaboración da Policía Local, de Protección Civil, do servizo de deportes, das persoas voluntarias dos clubs deportivos e das empresas patrocinadoras.

FIORITO'S
Repostería Creativa

Mónica Fiorito - 699 67 41 03. Avda de Galicia, 19, bajo
hola@fiorito.es - www.fiorito.es - SALCEDA de CASELAS

La Campechana
CARNICERIA

Servicio domicilio
Pedidos WhatsApp
986 347 168 627 310 629
Avda. Galicia Nº17 - 36.470 Salceda de Caselas

Peluquería mixta

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 349 290

Entrevista de Moncho Mariño

O Carrabouxo | Humorista gráfico

“Hoxe podes meterte co presidente do Goberno ou co Papa mais non cun banco”

Xosé Lois González Vázquez, 'O Carrabouxo', (Osorno, Cienfuegos) leva corenta anos retranqueiros co personaxe que lle deu o alcume. Ou ao revés. En tal caso, a Asociación Agrupación Cul-

tural O Galo organizou en Santiago de Compostela unha exposición polos corenta anos do Carrabouxo. Esta mostra poderase ver no Centro Social do Ensanche até o vindeiro 5 de xaneiro.



Vostede usa moito a retranca nos seus traballos, mais cre que a xente nova de agora entende esa característica do humor galego?

É posible que non, ao mellor a retranca é algo que non está xa na psicoloxía dos mozos e mozas de agora. A retranca é unha maneira de dicir as cousas como un quere e non como os demais queren que digas. Se cadra agora a xente ten menos medo e di as cousas máis francamente, mais eu vexo chistes que subo ao Facebook e nas respostas hai xente que non entende mais tamén hai xente nova a quen lle gustan eses chistes.

Mais ante todo a retranca debe traballarse.

Si, aínda que aos galegos sáenos espontaneamente. Os humoristas gráficos temos que traballala a diario como traballamos a diario os deseños como oficio, ademais da inspiración e outras teorías. Facer un deseño diario é un oficio que custa moito, nada envexable. Por iso digo que facer unha brincadeira deseñada con retranca leva tempo, mais insisto aos galegos nácenos espontaneamente por sermos así. Con todo, a retranca é unha cousa complexa que tampouco está moi ben definida. En todo caso, é unha cousa que se nos reconece desde fóra: “los gallegos tienen mucha retranca”, “la retranca gallega”. Realmente existe esa modalidade de humor específico noso.

Cando comezou a traballar hai corenta anos, xa estaba Felipe González como presidente do Goberno, Albor e Laxe foron presidentes da Xunta. Destes dous últimos pode dicirse que tiñan “rendemento humorístico”?

Si, home si, tanto de Albor como de Laxe fixen moitas viñetas. Albor era unha persoa a quen caricaturei moitas veces, igual que a Laxe. Este último tiña unha cousa moi significativa para min,

"Podemos dicir que a xeración posterior á miña son moi bos"

a lingua, porque falaba moi mal o galego aínda que o home se esforzaba moito. Tiña moita vontade mais non poñía un pronome ao dereito cando dicía algo e iso era o que eu ironizaba. Logo o Albor, a quen chamaban 'Meren-diñas' por esa forma de actuar da xente do PP en Galicia naquel momento baseada nas paparotas, algo tamén existente hoxe en día, á parte do folclorismo e outras cousas, pois tamén lle saquei abondo zume.

Como naceu a vocación de Xosé Lois como debuxante?

Eu debuxei sempre, mesmo nas aulas porque as aborrecía. Un mesmo recibín unha malleira do director dunha academia onde eu ía preparar o meu bacharelato. Eu estaba agochado no pupitre debuxando, entón este home descubríume e foi aí cando me deu os paus. Batíache na caluga coa man mentres dicía: “parece mentira, tu padre esforzándose para tenerte en la academia y tú perdiendo el tiempo dibujando”. Houbo un tempo en que un compañeiro redactaba o guión e eu facía os debuxos para facermos unha novela gráfica. Cosimos as follas con agulla e fío e vendíamolas as novelas a dous réas. Na 'mili' fixera a caricatura dun capitán a quen non lle gustou, non tiña sentido do humor. Sendo mozo comecei a debuxar en voceiros do nacionalismo, en 'A Nosa Terra' e tamén en 'Ceibe' que era unha revista da ANPG (Asemblea Nacional-Popular Galega). Sempre fuxía da realidade para poñerme a debuxar.

Hoxe en día é perigoso facer humor con caricaturas?

Non, para min non, mais si é perigoso facer humor con determinadas entidades, persoas ou

personaxes. Hoxe podes meterte co presidente do Goberno ou mesmo co Papa mais non podes facelo cun determinado banco pois hai un interese que o impiden. Realmente faise moita autocensura. Aparte está que eu traballo para dous medios realmente contradictorios, 'La Región' e no 'Nós Diario', é dicir, debo compaxinar moi ben un e outro sen perder a miña identidade. En 'La Región' busco a retranca para que a xente a dixira ben e por outra parte busco darlle xeito para que cadren ben. **Os políticos de hoxe teñen máis substancia que os de hai trinta ou corenta anos?**

Hai cousas que non cambiaron. Teño viñetas de hai corenta e un anos que se poden ler hoxe porque non perderon sentido. Así como a poesía é unha arma cargada de futuro, o humor non pois os temas son repetitivos, os personaxes actúan máis ou menos igual cambiando algunhas formas, antes levábase garavata e agora non se leva. Hai cousas que exteriormente cambiaron mais en Galicia segue habendo caciquismo, este segue sendo un país dependente en case todos os ámbitos, non se lle reconece plenamente o seu idioma que continúa sen normalizarse. Iso está todo igual e visto así pois deprímeste un pouco. Parece que non facemos nada porque as cousas non cambian.

Como valora as novas xeracións de creadores e creadoras galegas?

Temos xente boísima. Podemos dicir que a xeración posterior á miña son moi bos. Case todos estudaron Belas Artes mais acabaron por inclinarse polo humor gráfico. Vese que hai un oficio detrás, na parte plástica quero dicir. Son moi bos caricaturistas e teñen unha maneira distinta de expresarse, sobre todo en novela gráfica. Neste xénero temos xente fabulosa mesmo a nivel mundial como Miguel Anxo Prado, David Rubín ou Manel Cráneo e

ilustradores magníficos que non saen á luz mentres outros temos ese privilexio. Hai deseñadores e deseñadoras que só os ves de cando en vez logo de publicaren un libro ou unha obra gráfica. Dentro do humor temos a Kiko da Silva, Pinto e Chinto, Davila ou Ruth Caramés. Pepe Carreiro é da miña xeración mais tamén publica en 'Nós Diario'.

Quen é 'O Carrabouxo', en quen se inspirou para crear este personaxe?

É o máis alto de todo, é a súa característica. Isto reflíctese ben a estatua del que fixo César Lombra en Ourense que mide 2,40 metros. Ten unha boina tapándolle os ollos como unha maneira de tapar a vista para traballar coa cabeza, así expresas o que non estás vendo ou non queres ver. Logo está a súa retranca, a súa rexouba e inspirouse probablemente nalgún personaxe que teño pensado como aquel que parecía non importarlle nada mais estaba queimado da situación que o arrodaba e logo botando sentenzas sobre a realidade. Había un home da miña aldea que tanto lle tiñan as cousas mais logo botaba sentenzas e ademais tiña conviccións republicanas.

Gustaríalle que houbese novas animacións co Carrabouxo?

Pois estaría ben. O defunto Lhosca Arias, quen morreu hai pouco e tivera a idea de facer as primeiras animacións do Carrabouxo, en total vinte e seis es-

"A retranca é esa modalidade de humor específico noso"

queches. El xa tivera aprobado un guión para unha animación co Carrabouxo onde había narco-tráfico, mais en vez de heroína ou cocaína era licor café. Depois meteuse noutras cousas e logo foino deixando, mesmo creo que lle deran a subvención para facer o guión. Se se fixera, tería que facer parte do guión ou dirixilo para non romper os valores ideolóxicos, ou psicolóxicos ou filosóficos que eu teño. Realmente pode facerse en calquera momento pois esteticamente o personaxe chama a atención. Eu son incapaz de poñerme para iso xa.

Aínda haberá máis tempo para O Carrabouxo.

Pois haberá, quedará na memoria da xente galega e sobre todo ourensá e quedará a estatua de bronce.

Ten preparado algún proxecto para o futuro?

Tiñamos preparado un libro sobre O Carrabouxo, mais dimitiu o director de Galaxia e quedará para máis adiante. De catro capítulos teño un preparado, sería reunir corenta anos do personaxes con textos humorísticos intercalados. Logo está a exposición de Santiago que irá a outros lugares. Tamén fago unha viñeta diaria e así até que non poida facela. Ter que facer algo diario é unha cousa moi seria, necesita disciplina.

Paulo Esperança | Autor do libro "José Afonso. O triángulo máxico na súa vida e obra"

"José Afonso manifestou un amor interno á Galiza pola comprensión que tiveron con el"

O 15 de decembro presentouse en Compostela o libro 'José Afonso. O triángulo máxico na súa vida e obra' do autor Paulo Esperança. Na presentación participaron Iria Méndez, quen fixo unha introdución tanto do libro como do autor e protagonista do mesmo. O Leo de Matamá musicando

algunhas pezas que cantara Afonso e o actor e colega de Esperança, Gil Filipe quen deu lectura a algunhas pasaxes do libro e datos biográficos sobre José Afonso. O encontro estivo organizado pola Asociación José Afonso (AJA) Galiza. Falamos brevemente co Paulo Esperança logo do acto.

Entrevista de Moncho Mariño

Como foi a súa relación con José Afonso e logo o traballo para crear este libro?

Coñecín ao José "Zeca" Afonso en 1976. Daquela houbera eleccións presidenciais en Portugal, e un dos Capitáns de Abril, Otelio Saraiva de Carvalho, foi candidato. O "Zeca" Afonso apoiou a Saraiva de Carvalho; naquel momento eu militaba nunha organización que tamén apoiou a candidatura do Otelio. Na altura daquel tempo axudei a organizar a campaña electoral no norte do país e así coñecín a José Afonso como outros cantantes que interviñeron musicalmente, así andamos xuntos durante ese período.

A impresión que lle deixou o colonialismo parece ser moi fonda.

A impresión que el tiña sobre o colonialismo era moi clara. Tiña músicas que hoxe nesta presentación non escoitamos aquí, onde describía o que era o colonialismo para el, tamén o deixou dito en moitas entrevistas. Hai unha componente moi grande e pouco coñecida en Portugal que era a

"En Portugal existe indiferenza coa pegada de José Afonso, cousa que non vexo en Galiza"

componente afectiva pola Galiza. El manifestou un amor interno á Galiza pola comprensión que tiveron con el, co apoio que lle deron, esa é unha cuestión de feito. África foi onde el abriu os ollos cando veu a opresión á poboación autóctona, os africanos que vivían alí. En Portugal el fai tamén unha recolla de impresións e entón é cando entra en política contra o fascismo e a represión.

Encontrou similitudes entre a opresión dentro do mesmo Portugal e nas colonias?

Mesmo antes do 25 de Abril fartouse de facer concertos en Portugal para fábricas que estaban en folga. Desde logo, a represión era moi potente, como é lóxico. El era consciente dese grao tan elevado de represión. Mais as grandes cancións onde el reflicte a situación sobre o colonialismo son feitas en Portugal logo de volver da África. Por tanto, a

cousa foi madurecendo até que un día todo saltou e viñeron as diferentes cancións.

Cal foi a impresión sobre Galiza cando veu a primeira vez?

Non podo dicilo con certeza absoluta. Si podo dicir que el describe e a impresión consecuente é boa, como é evidente. Se coñece o 10 de maio de 1972 o Benedicto (Voces Ceibes) e en novembro convida para gravar un disco, por algunha razón foi, é que a impresión foi moi boa.

Vostede acompañouno durante algunha das súas viaxes por Galiza?

Non, aínda que un dos últimos grandes concertos que houbo aquí foi en agosto de 1985, no Castrelos de Vigo, daquela xa estaba moi enfermo, un concerto organizado polo xornal 'A Nosa Terra' e o Xico de Cariño. Houbo outras iniciativas iguais con outros amigos do Zeca, toda unha serie de



homenaxes que se recollen neste libro até o 2022.

Séntese hoxe a pegada de José Afonso en Portugal?

Hai unha expresión portuguesa que non sei se se utiliza na Galiza: "asuvial para o lado". É como facer de conta que non hai nada con nós, ves unha situación crítica e dis "non é nada comigo". Moitos sectores en Portugal teñen esa perspectiva, cousa que eu non vexo en Galiza, por exemplo; non quero dicir que o coñeza todo o país, obviamente. No caso de Portugal, se non fose pola Asociación José Afonso, que ten dezasete núcleos, vamos implementar unha serie de propostas como para o ano que vén, no 50 aniversario do 25 de Abril, temos un proxecto para as escolas.

Como será ese proxecto?

Nós falaremos sobre a figura de José Afonso, falamos da súa obra, falar do que foi o fascismo

portugués, falar do que representa a liberdade hoxe, dicir algunhas cousas ás crianzas que non sabían sobre elementos anteriores ao 25 de abril. Por exemplo, a profesora para casar tiña que pedir autorización ao goberno. Outra cousa: antes do 25 de Abril, para poder ter un isqueiro en Portugal tiñas que ter unha licenza, ir ás Finanzas, pagar unha taxa, andabas co papel no peto e se prendías un cigarro, un policía podía pedirche a licenza. En 1969 houbo unha greve importante na universidade de Coímbra. Compraron tellas, porque hai unha expresión: "se non ten licenza, só pode encender o isqueiro deibaixo de tella", en casa. Compraron tellas e os estudantes prendían cigarros poñendo unha tella sobre a cabeza. É ridículo mais os pequenos deben coñecer iso. Iremos adaptando o discurso segundo o público que teñamos.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE